

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 14 de decembro de 2016

Daniel Asorey recibe o X Premio de Narrativa Breve Repsol pola novela curta “Nordeste”

O galardón dotado con 12.000 euros e a publicación da obra, cumpre o seu décimo aniversario avanzando no obxectivo de apoiar aos creadores literarios galegos.

Daniel Asorey gañador da X edición do Premio Narrativa Breve Repsol en Lingua Galega pola súa obra NORDESTE, recibiu esta tarde o galardón de mans de Ignacio Egea, vicepresidente de Fundación Repsol, Valentín García, Secretario Xeral de Política Lingüística e Víctor Freixanes, director xeral de Editorial Galaxia.

Ademais da dotación económica, o acto, que se desenvolveu como vén sendo tradicional a Fundación Paideia Galiza na Coruña serviu para presentar aos numerosos asistentes a obra xa publicada por Editorial Galaxia e que xa está a empezar a chegar ás librerías.

O xurado desta X edición destacou de Nordeste unha ?intensa capacidade de fabulación, suxestiva amálgama de tempos e espazos e atractiva arquitectura do relato?. Así mesmo sinalou a habilidade de Daniel Asorey para recrear dous mundos en interconexión como son o do épico sertão brasileiro e unha república galega imaxinaria, ademais de poñer de relevo o sobresaliente acabado estilístico das páxinas que conforman a obra, cheas de poderosas imaxes e de fascinantes símbolos.

Trinta e oito obras orixinais e inéditas tivo que avaliar o prestixioso jurdo conformado polo investigador e crítico literario Armando Requeixo, a profesora e escritora Carme Fernández Pérez-Sanjulián da Asociación de escritoras e escritores en lingua galega, o escritor e académico da Real Academia Galega Euloxio R. Ruibal, o director editorial de Galaxia Carlos Lema e o escritor gañador da pasada edición, Marcos S. Calveiro, representando a Fundación Repsol.

Para pechar o acto, 23 integrantes do Coro Novo da Orquestra Sinfónica de Galicia pertencentes ao Programa educativo Son Futuro que promove Fundación Repsol deron un breve recital aos diversos representantes da cultura e a sociedade galega, que asistiron á presentación.

O gañador

Daniel Asorey Vidal naceu en Santiago de Compostela no ano 1970, onde reside na actualidade, e é profesor de lingua galega e literatura no ensino secundario.

Recibirá este X Premio de Narrativa Breve Repsol, dotado con 12.000 € e coa publicación da obra pola Editorial Galaxia, nun acto que se celebrará antes de final de ano na Coruña.

Conta no seu haber con publicacións literarias anteriores, como "De soños e memorias" (coautor, publicada por Espiral Maior), "O álbum da derrota" (en "Madrigal. Revista de Estudos Galegos") e varias narracións en distintos números da revista "Olysbos". Participou en varios congresos sobre literatura, sociolingüística e lingua galega e é tamén autor de abondosos relatorios, artigos e reseñas sobre literatura galega e lingua, así como de materiais didácticos desta especialidade específicos do ensino secundario.

Foi finalista este ano do Xerais e fíxose co I Certame de Relato Curto Cidade Vella en 1988, cun dos galardóns da III edición do Premio Investigación Lingüística e Literaria 17 de maio en 1991, co 1º Premio de Narración Curta no I Certame Literario e de Investigación Terra de Melide en 2001 e gañou ex aequo o XI Certame de Narracións Manuel Murguía no ano 2002.

O Premio Narrativa Breve Repsol

O Premio de Narrativa Breve Repsol botou a andar no ano 2006 e na primeira edición gañou o xornalista Miguel Sande con "Se algún día esta muller morta" e o profesor da USC e xornalista Xavier Lama acadou un accésit con "O insomnio dos centauros". Na segunda, en 2007, a gañadora foi Anxos Sumai coa obra "Así nacen as baleas". Na terceira, en 2008, o narrador, dramaturgo e debuxante humorístico Xosé Luís Martínez Pereiro obtivo o galardón polo traballo "A verdade como mal menor".

Na cuarta, en 2010, o premio foi para o escritor Xurxo Sierra, pola peza "Os fíos". A quinta, no ano 2011, gañouna Fernando Díaz Castroverde Gómez, por "Microbios e outros paquidermos". En 2012 fíxose co premio María López Sández, con "A forma das nubes.". Na edición 2013, o premio recaeu en Berta Dávila, por "O derradeiro libro de Enma Olsen"; na de 2014, en Santiago Lopo pola peza "A diagonal dos tolos" e na de 2015 en Marcos S. Calveiro, por "Fontán".